



*Publicación editada co fin de exaltar e promocionar a romaría.*


*Folla anunciadora da última celebración da Festa.*



**DELFIN CASEIRO NOGUEIRAS**

1954, Rairiz da Veiga - Ourense

Delfin Caseiro Nogueiras, 1954, Rairiz da Veiga-Ourense. Licenciado en Filoloxía Románica e Galego-Portuguesa. Catedrático de Língua e Literatura no Inst. Blanco Amor de Ourense. Colaborador en libros de texto e revistas especializadas. Membro da Mesa pola Normalización Lingüística. Responsábel do Servizo de Normalización Lingüística de Vilar de Santos.



# A Sainza de mouros e cristiáns é a romaria da Límia

**Delfin Caseiro Nogueiras**  
Aldea do Moíño-Rairiz da Veiga

**N**o 24 de Setembro, a Festa da Sainza. Resonancias míticas e misteriosas que propaga a lenda. A máxia, instalada no ambiente desde tempo atrás, traslada á pátria da infancia-adolescencia xeracións de limiaos que nela se identifican e percorren de novo camiños de vida tantas veces transitados.

A Límia encerra singulares referentes, dos que nutren a fantasía. En noite serena de luar escóitase en toda a chaira a infatigábel sinfonia das ras que outrora habitaban a fermosa lagoa Antela -coñecida tamén como lago Beón ou Bión-, “mar” para os máis vellos da zona, tesouro soterrado por causa da cobiza de mentes miserábeis. Debaxo do espazo que ocupara a lagoa, rememorada con emoción nun coidadísimo e exhaustivo estudo coordinado polo xornalista limiao Martínez Carneiro<sup>(1)</sup>, debe

seguir estando a fabulosa cidade de Antioquia, alagada por teren cometido pecado de idolatría os seus moradores (rendían culto ao galo). A lenda amplíase á bela Inés de Castro que, convertida en ra, tería a súa morada na lagoa.

Outra liña lendária, recollida polo historiador Benito Vicetto na súa monumental e “fantástica” *Historia de Galicia*, vincula a cidade fantástica á figura do xefe galo Kornterriben, quen polo ano 900 a. C. tería dirixido unha incursión

*Unha das máis vellas fotografías da Festa conservadas. Estrada e campo da festa na Sainza. No centro da imaxe, o tío Vicente, de casaca con dianteira branca. Ano 1920-1930?*



1. Xosé Luís Martínez Carneiro (coord.), *Antela. A memoria asolagada*. Vigo, ed. Xerais, 1999.



*Exército mouro  
diante da tenda  
de campaña.*

bélica contra os gregos e celtas instalados no territorio; tal era o número de invasores que os residentes fuxiron ás carreiras e abandonaron todas as súas pertenzas; seguiron días de moita auga. Cando os antigos moradores de Antioquia decidiron retornar para recuperar o seu, viron atónitos que a cidade desaparecera e no seu lugar había agora un lago, ao que deron o nome de “Belión” (>Beón), expresión da emoción experimentada; contemplaron tamén como nas ribeiras os galos sobreviventes se mataban entre si, presas do pánico; ali entregou a alma o xefe Kornterriben.

Valentin Lamas Carvajal recolleu así mesmo unha romántica lenda que refería que nas marxes da lagoa medraban flores de recendente aroma coñecidas co nome de “ollos do anxo da morte” (as flores serían, na realidade, os ollos dunha moza que morrera de amores na torre de Sandiás).

En día claro de sol escintilan os mosquitos da lagoa, soldados enfeitizados do exército do rei Artús. Acaso o espírito da lagoa segue connosco, disperso nas mil

pozas que furan a chaira e nas areas secas que a sosteñen. Chaira que, afortunadamente, segue a ser percorrida en fluir manso polo río Límia, bautizado por lenda vella como “rio do esquecemento” (identificación co Lethes, río do inferno na mitoloxía grega); a crenza na perda da memoria, padecida polos lexionarios romanos e testemuñada polos seus cronistas, podería ter a súa orixe nunha campaña bélica acometida por celtas e túrdulos (non se debe desconsiderar a influencia exercida pola vella relación establecida entre os ríos e o País dos Mortos).

A escasa distancia, en situación estratéxica, elévanse as torres medievais de Porqueira, Pena e Sandiás, sentinelas mudas da aventura entusiasta dos Irmandiños e depositarias das marcas de lume, sangue e ilusión daquel tempo.

O cabalo –animal preferido dos mouros– tivo na zona presenza relevante desde tempo inmemorial (a Límia foi sempre terra de moito gado, polos estensos e permanentes pastos). Ceibábanse os cabalos á mañá e formaban rebaño nos amplos herbais da Veiga, onde pasaban o día pacendo. A

tradición antiga fainos transmisores das arelas do Alén, a onde se pode chegar ás veces cabalgando. En moitos relatos lendáricos o cabalo aparece rodeado de misterio; son frecuentes as aparicións dun cabalo de intensa brancura –o demo– que se ofrece para que a xente monte nel; a desaparición súbita soe ir acompañada de risos e cheiro a xofre.

Outra presenza imponente é a carballeira, que agarima campo e lugares e se ofrece como lugar idílico para o xantar e o repouso dos romeiros. A carballeira segue conservando o seu vello carácter de sacralidade (os carballos foran na antigüidade e na civilización céltica árbores sagradas). Entre todas as árbores, próxima á capela, érguese maxestuosa (desde o monte de Vilar de Santos ou desde o alto do monte Albán vese sobresair por riba da liña que a masa boscosa forma contra o ceo), a carballa da Rocha –máis de 6 m. de diámetro, máis de 30 m. de altura e máis de 300 anos de vida<sup>2</sup>–. Antes da última decota que se lle fixo –por volta de 1960– as súas enormes canas, que medraban de riba cara baixo por causa do grande peso, formaban unha impresionante cúpula verde. A súa corpulencia facilitalle a comunicación cos vellos carballos irmáns das pozas de Santabaia, petrúcios coma ela, e mesmo cos máis distantes da praza de Espiñeiro (Ordes), que non deben andar lonxe de ser milenários, situados a escasa distancia do campo –quizais o Toxal do Río– onde o combativo líder agrarista Basilio Álvarez congregou en 1918 toda a veciñanza da zona para lle anunciar a reden-

2. No ano 1981, a señora Eugenia, veciña da Sainza e propietaria do terreo, que estimaba a carballa como un tesouro de todos, referíanos amablemente que o lameiro no que esta medraba fora mercado polos pais dun seu tío e que xa entón era grande a súa sonda.

ción dos foros. Que o sentimento da natureza perdura é certeza que confirman as palabras sábias dun campesiño do lugar: “cando arde un carballo, os montes póñense de loito”.

## PRIMEIRAS NOTÍCIAS

Hai noticias documentais da existencia na parroquia de San Xoán de Rairiz da Veiga dunha Confraria de Santa Isabel, que se mantivo durante tres séculos (do XVI ao XVIII). Un testamento, datado en Rairiz no 1559, dá conta dun prado que é deixado para a confraria. Nos primeiros días do mes de Xullo celebrábase unha romaría, na que había xantar para todos os confrades e na que chegaron a participar até 34 curas; a animación musical púñaa un gaiteiro. A última noticia que se ten da Confraria é do 1769, o que parece indicar que debeu desaparecer por volta deses anos.

A respecto da Sainza, a fundación da súa capela ocorre no ano 1721, promovida por Pedro Fernández Gándara, nado na localidade no 1661, párroco de Ganadanesa altura, quen aporta como dote terreos que suman unha extensión de 21 fanegas de semente. Un libro parroquial de Rairiz recolle cópia da escritura fundacional da que se reproducen literalmente os fragmentos máis significativos:

“Villa de Reyritz de Veiga, 17 Agosto 1721

“ (...) tiene fabricado una Hermita y Santuario, advocación de N. Señora de Belén, sita en el lugar y Barrio de la Sainza de abajo (...)”

*A cabalaría cristiá diríxese pola estrada cara o campo de batalla.*



*(...) dota, cede, dona e hipoteca a la referida hermita como vienes suos propios*

*los siguientes: Primeramente la Pieza y Cortiña que se dice da Biqueira con sus robles que serán hasta cuatrocientos pies de robles gruesos y altos, que está sita en el término de esta Feligrª de Reyritz (...) Porto que se dice dos Dourados (...)*

*Así mismo le agrega el su lameyro y Praderías que se dice do Bydueiro que está sito en términos de esta Feligresia de Reyritz y Frª de Santa María de Ordes (...) demarca con Prado de la obra pía de Escuela de S. Martín de Porquera.*

*(...) quatro misas perpetuas cada año, la una de ellas cantada por cada quince del mes de Setiembre de cada año, dichas en la referida hermita de N. Señora de Belén por la limosna acostumbrada”.*


A cópia parroquial é do 3 de

Outubro de 1743. Era bispo da diocese D. Fr. Juan Muñoz de la Cueba. O outorgante foi D. Pedro González Gándara, “abad y cura propio del Beneficio Curado de S. Bartholomé de Ganade”. Actua como notário D. Francisco Leal Y Rivero.

Figura ainda esta anotación: “La escritura Real y formal de la fundación que antecede de la capilla de la Sainza se halla en la casa de D. Ramón Sandiás de Parada de Outeiro, en donde se hallará se fuese necesario.”

A romaría celebrábase, pois, o día 15 de Setembro, con fervor e devoción en vida do seu fundador; tras a súa morte, os herdeiros-administradores da capela deixaron perder o dote; foi decrecendo o culto á Virxe e descoñándose a atención do templo,

*O tío Blanqueiro (á dereita) e un dos seus guerreiros, con barbas postizas, diante da fortaleza.*





*Asalto á fortaleza, anos atrás.*

até que, totalmente abandonado, permaneceu cerrado durante moitos anos por orde do bispo. A desamortización privou o santuario das últimas rendas.

### RECUPERACIÓN DA ROMARÍA E INCORPORACIÓN DO ATAQUE

A capela da Sainza houbo seguir o mesmo camiño que as ermidas de Santabaia e San Isidro, derrubadas no ano 1767.

Foi o crego Manuel Alonso Dorado (1804-1875), natural tamén da Sainza, cónego da catedral de Ourense, quen se interesou pola restauración do santuario e se empeñou na promoción da romaría.

A incorporación do Ataque á celebración foi consecuencia da promesa feita polo sacerdote, en terras africanas ou canárias, á Virxe da Mercé cuxo auxilio invoca ao se ver en grave perigo de morte (a Orde da Mercé fora fundada

co obxectivo de redimir e aliviar o pesar dos cativos cristiáns).

A romaría, agora coa advocación á Virxe da Mercé, podería ser de novo unha realidade no terceiro ou cuarto decénio do XIX, atinxindo en pouco tempo grande esplendor e masiva asistencia de devotos.

Don Florencio Gándara, párroco de Rairiz, investigador e estudoso da celebración, a quen agradecemos vivamente tan xenerosas orientacións así como a permiso para poder acceder ao arquivo parroquial, estima que o Combate entre mouros e cristiáns debeu comezar cara o ano 1840.

Por contra, Ramón Touceda Fontenla<sup>(3)</sup> sostén que o Combate é moito máis antigo do que se cre; fundamenta esta argumentación na construción da fortaleza, que se remontaría ao século XVI ou XVII. Insiste así mesmo no eleva-

semellanza das moitas representacións que se celebran en terras do Levante, Aragón ou Andalucía). Máis alá vai aínda nos seus planteamentos quen ousa formular que se trata dunha conmemoración da batalla de Clavijo(!).

A intervención do cóengo ourensán, para Touceda, limitárase a impulsar a celebración tras unha etapa de certa decadencia.

### PRIMEIRAS CRÓNICAS ESCRITAS

Estas consérvanse nos libros parroquiais de Rairiz e consignan os movementos contábeis correspondentes a ingresos e gastos. Á vez, fornécennos valiosa información sobre diversos aspectos e curiosidades da celebración e permítenos presumir a importancia que esta debeu atinxir naquela altura á vista dos datos reflectidos.



*O capitán dos cristiáns, Benito Pérez, e o rei mouro, Luís Alberto Alonso, subidos ás "pedras do parlamento". Ano 1999.*

do número de elementos arábigos que perduran na Galiza e no grande paralelismo entre as dúas culturas. O autor vincula o Combate á guerra da Reconquista, da que aquel sería un remedo, unha constante alusión ao pasado(á

No decénio de 1850 diríxense ao bispado de Ourense varios escritos solicitando autorización para celebrar a misa fóra da capela, dada a masiva afluencia de fieis. No 1860 fálase de nove ou dez mil persoas, que asisten á festa.

3. Ramón Touceda Fontenla, *La fiesta de moros y cristianos de la Sainza en la provincia de Orense*, Tetuán, 1952.

Ao financiamento da festa contribuen todas as parroquias de arredor, ás que se desprazan os mozos de Rairiz para facer a colecta. Estas foron as aportacións do ano 1860: a parroquia de Sabucedo, 8 ferrados de centeo e liño; Porqueira, San Lorenzo e A Forxa, unha cantidade non especificada; Congostro e Ordes, 5 ferrados de centeo e liño; Vilar de Santos e Parada de Outeiro, 4 ferrados de centeo, liño e 4 reais; Lamas, 2 ferrados de centeo e liño; Guillamil, 1,5 ferrados de centeo e liño; Candás, un ferrado de centeo; Lampaza, 5 ferrados de centeo; Sabariz, 3 ferrados e liño; Casas da Veiga, 3 ferrados de centeo; Ludro, A Moura e O Outeiriño, 5 ferrados de centeo e un afusal de liño; Aldea do Moíño e Rairiz, 5 ferrados de centeo e 2 reais; Currás e O Toxo, 6 ferrados de centeo; Santabaia e Os Salgados, 9 ferrados de centeo e liño; A Sainza, 5,5 ferrados de centeo; Xinzo, 46 reais.

En pouco tempo, a festa é unha celebración moi popular, que conta coa contribución de boa parte dos limiaos.

A seguir transcríbense algúns datos recollidos na acta correspondente á función de 1880:

**CARGOS:**

“Se juntaron 91 ferrados de centeno que se venderon a nueve sº e un cuarto que importan . . . .830  
 Trigo- ferrado y medio a doce sº . . . . .18  
 Lino . . . . .80  
 Bandeja del dia de la función . . . . .68  
 De una oferta . . . . .320  
 TOTAL . . . . .1431 reales

**GASTOS:**

Música . . . . .440  
 Fuego . . . . .320  
 Novena y función . . . . .254  
 TOTAL . . . . .1689 reales”

Na acta de 1881 consígnase a doazón dunha porca por parte dun veciño e dunha becerra que foi vendida en 16 pesos. Na de 1882 rexístranse, entre outros, os gastos derivados de calear o castelo, do pagamento a un tal don Juanito por materiais para varias reparacións, lenzo e teas, xornais ao xastre, ao corneta e ao ferreiro, adquisición dos paos de doce lanzas. Pagábase tamén comida, viño e tabaco aos que ían pedir para a festa polos lugares.

A acta de 1888 consigna xa as cantidades en pesetas. No capítulo de gastos inclúense, entre outros moitos, os relativos á música de tres días (125 pts.), fogos (100 pts.), “por los prospectos de la Imprenta y el propio que fue a buscarlos” (9 pts.), até un total de 406 pts. Este mesmo ano, os ingresos resultaran da venda do centeo reunido (299 pts.) e de diñeiro en efectivo (105 pts.).

Na acta de 1889 sinálase que a agrupación musical estaba constituída por once componentes con doce instrumentos. No apartado de ingresos, reférese a poxa

de panos, liño, carne, queixadas, lacóns e uñas de porco, ...No 1893 pagábanse 8 reais e 3 cadelas polo ferrado de centeo. No 1898, 8 picholas de viño para os músicos custaron 16 reais.

No 1904 o Concello destina por primeira vez unha partida de 200 pesetas, con cargo aos orzamentos da institución, para contribuir aos gastos da festa. Con anterioridade, no 1893, a parroquia de Rairiz fixérase responsábel do coidado da capela e procedérase á súa reconstrucción e ampliación.

A acta correspondente ao ano 1929 redúcese a unha sinxela anotación:

GASTOS- música (250 pts.), gaiteiros (25), fogo (100), sacristán (1,5),...  
 TOTAL- 632,5 pesetas  
 INGRESOS- centeo (500 pts.), procesión e esmolos (165), outros (10)  
 TOTAL- 675 pesetas.

**APROXIMACIÓN Á FESTA**

A alma da festa é o Ataque, o combate de mouros e cristiáns.

*O exército dos mouros defende o castelo onde permanecen os cativos cristiáns.*





*O tío Vicente a caballo, co sabre na man, escoltado polos "lanceiros".*

Non sabemos canto teñen en comun os mouros que aquí vemos, mouros históricos ou musulmáns -antagonistas dos cristiáns- cos mouros e moursas que habitan o noso rico imaxinario popular. Tribo máxica, raza mítica, pobo dos outeiros e das augas, do subsolo e do ermo (conta a tradición oral que un labrador araba un día tan fondo que escoitou unha voz que chegaba desde o profundo: -Ai, hom, cerra o arado, non ares tan fondo que me destellas a casa!), artífice dos monumentos máis antigos (mámoas, castelos, covas, castros,...). Donos das fontes -sobre todo as moursas ou donas, seres de extraordinaria beleza- onde provocan frecuentemente situacións de encantamento-, dotados de poderes excepcionais e de inmensa forza, de invisibilidade e capacidade para mudar en animais, como lagarto ou serpe. Aínda segue viva a lembranza, envolta en misterio, do Pozo da Moura, na lagoa de Antela: na mañá de San Xoán a moura saía do pozo e instalábase á beira cunha tenda de quincalla; nunha ocasión,

unha rapaza que fora coas vacas para a Veiga voltou á noite con moita la fiada e contoulle o acontecido á nai; a violación do segredo tivo consecuencias fatais para a pastora: o ano seguinte foi apresada pola moura e nunca máis se volveu saber dela; a nai desesperada acudiu á beira do pozo e berrou: -*Moura, mourriña/ dime da miña Mariña*; desde o fondo contestou a moura: -*A sua Mariña, Mariola/ está fritida na miña tixola*.

Para Vitor Vaqueiro<sup>(4)</sup>, "... o mouro vén sendo a simbolización (nunha sociedade agraria, onde o labrego ocupa un lugar dependente) do non labrego". Quizais sublimación dos máis antigos poboadores galegos, sucesores de primitivas personaxes misteriosas ou de arcaicos deuses.

O mouro histórico (musulmán) foi, durante séculos, a encarnación do inimigo infiel, mesmo personificación do demo, do mal e da fealdade (o que condiciona a elección para o papel de mouro na representación).

Xesús Taboada Chivite<sup>(5)</sup> entende que estas representacións teñen unha estreita ligazón coas danzas de mouros e cristiáns -*mouriscas* ou *mouriscadas*- moi populares no pasado, que se celebraban con motivo dalgún acontecemento extraordinario ou da chegada de personaxe ilustre. Na súa xénese, estarían as danzas rituais guerreiras, de carácter bélico-relixioso. As danzas de espadas non serían máis que réplicas cristianizadas de arcaicos rituais pagáns, que simbolizarían a loita do Verán contra o Inverno, a loita do Ben contra o Mal; antagonismo relixioso-cultural - Cristianismo / Islamismo-, reafirmación e reforzamento da propia idiosincrasia.

En México celébranse tamén estes combates entre mouros e cristiáns, levados alí polos misioneiros españois co fin de que contribuísen á "evanxelización" dos indíxenas; os contendentes son aquí os conquistadores cristiáns e os nativos indíxenas, redimidos e convertidos ao Cristianismo.

O insigne etnólogo enumera as localidades galegas en que perduran estas representacións: a Sainza, Laza, Trez, Retorta, a Franqueira, a Mourisca. E engade que existiron numerosos antecedentes históricos - Mouroás (San Xoán de Río), Bentraces, Cartelle, Larouco, Lalín, Corcubión, ...- perdidos ao longo do tempo, mais

4. Vitor Vaqueiro, *Guía da Galiza Máxica, Mítica e Lendaria*, Vigo, ed. Galáxia, 1998, p.143.

5. Xesús Taboada Chivite, "Moros y cristianos en Galicia y sus antecedentes bélico-religiosos", en *Ritos y creencias gallegas*, A Coruña, ed. Sálvora, 1980.

que testemuñan a relevancia, moi superior á crenza comun, de tales manifestacións.

Elementos comuns nas representacións son os diálogos en verso, que inclúen alusións aos Pares de Franza, a Carlomagno, Roldán, Oliveros, ... (proba da incidencia das peregrinacións xacobeas na súa propagación).

Outra constante é tamén o roubo ou intento de roubo da imaxe da Virxe ou do Santo por parte do infiel.

Na mañá do día 24, a voz dos sinos convocaba os devotos para o comezo da procesión da Virxe, que percorría o traxecto que vai desde a igrexa parroquial de Rairiz até a capela da Sainza, escoltada polo exército cristián. A véspera, a imaxe da Virxe fixera tamén en procesión o percurso inverso.

Na actualidade, a procesión do 24 vén desde a capela da Sainza, xa que a imaxe da Virxe non dorme no templo parroquial o día 23, como ocorria tradicionalmente.

Entre tanto, no campo do ataque, os mouros, armados con alabardas, custodían a fortaleza onde permanecen presos os cativos cristiáns (para algúns, rememoración das doncelas que se debían pagar en tributo).

José Ramón Fernández Ojea - *Ben-Cho-Shey*- describía así o espectáculo: "Los ejércitos enemigos se preparan. Son unos cien hombres por cada bando, pinto-

*A procesión, presidida polo estandarte da Virxe, percorre o traxecto que vai desde a capela até o campo do castelo.*



rescamente ataviados; los cristianos con antiguos uniformes de diversas armas y cuerpos del Ejército español; los moros visten de blanco, con pantalones, albornoces y turbantes"<sup>(6)</sup>.

Antes de entrar en combate, los capitáns subidos ás *pedras do parlamento*, como as designara Vicente Risco, manteñen unha peculiar disputa verbal - o "parlamento"- combinación de elementos cabaleirescos e teolóxicos con outros surrealistas, que non será o mellor preludio da paz; hai non poucas coincidencias con proclamas militares, discursos institucionais de ofrendas ou mesmo predicacións relixiosas con sabor ráncio á posguerra. A declaración formal de guerra dá paso ás arengas apaixonadas dos caudillos aos seus respectivos exércitos. Son discursos transmitidos pola tradición oral que deberon sufrir contínuas deturpacións. Textos en español que, en boca de oradores galego-falantes, incorporaban equivocacións, vacilacións ou trabalínguas, provocadoras de risos, gargalladas e comentários entre os espectadores.



*Campo de batalla e fortaleza.*

O combate segue a ser en boa medida tal como o debeu ver José María Álvarez Blázquez:

“Y allí empieza el horrisono fragor. Los cañones de *pau* retumbaban, vomitando cohetes, que ponen en riesgo la integridad física de combatientes y espectadores. La humareda y griterío envuelven la escena de epopéyico sabor. (...) Pero nada se ve, porque el humo y el polvo lo rodean todo. Desde el castillo replican a cañonazo limpio y la antes plácida llanada truécase en incruento campo de Agramante.

“Y allí empieza el horrisono fragor. Los cañones de *pau* retumbaban, vomitando cohetes, que ponen en riesgo la integridad física de combatientes y espectadores. La humareda y griterío envuelven la escena de epopéyico sabor. (...) Pero nada se ve, porque el humo y el polvo lo rodean todo. Desde el castillo replican a cañonazo limpio y la antes plácida llanada truécase en incruento campo de Agramante.

6. José Ramón Fernández Ojea, "Combate entre moros y cristianos en la Sainza (Orense), in Revista de Dialectología y Tradiciones Populares, tomo I, cadernos 3º e 4º, Madrid, C. Bermejo Impresor, 1945, p. 555.





*A cabalaria cristiá, disposta para o asalto ao castelo.*



*O ataque ao castelo comeza cun enfrontamento en campo aberto. Ano 1999.*

La caballería cristiana se despliega audazmente; allá va el general hecho una furia, montado en un jamelgo abúlico y falto de imaginación. Ha decrecido el ardor de los defensores, porque la pólvora, repartida con artera desigualdad, se les acaba antes a los moros que a los cristianos. Después de media hora de lucha, la fortaleza agarena se entrega. Salen los cautivos, que allí plañían sus duelos de ausencia, y sus cadenas de hojalata pasan a poner ominoso yugo a los vencidos” (7).

A intercesión da Virxe obrou o milagre da vitória. O discurso final de agradecemento, declamado polo capitán cristián, era tan fervoroso que despertaba a

emoción e mesmo as bágoas de moitos dos presentes.

Os mouros, arrependidos e convertidos, súmanse á comitiva procesional que prosegue camiño da capela da Virxe.

Fernández Ojea apunta que no adro da capela se bailaba a muniñeira de ritual, mentres ardía e xiraba unha madamita de fogo. O rumor fala tamén da execución dunha vella danza de espadas, semellante á que ain-

da se interpreta en Laza no día da Santa Cruz, que simula un combate entre mouros e cristiáns e incorpora os tópicos destas manifestacións.

Abundante xantar nos prados de arredor, á sombra da carballeira, aportará gratificante reparación, amenizada coas actuacións dos grupos de gaiteros e cos aturuxos de euforía. Hai sitio para os máis de 30.000 romeiros que se xuntan moitos anos.

Na crónica oral que vai tecendo a memoria colectiva abundan as queixas: pola lentitude coa que se desenvolve o Combate; polo desleixo e abandono de traxes e armas; ... Un vello párroco quei-

xábase nestes termos: “do moito que xunta en esmolos o santuario da Sainza, case nada deixan para atender a parte relixiosa; gastan todo no profano, é dicir, en pólvora e música”.

Hai referencias a un pasado esplendoroso, sintetizadas nesta manifestación recollida polos anos 50: “antes todo era estupendo e todo funcionaba como se fose de verdade.”

A pesar de todo, as notas que máis soan son as de orgullo, satisfacción e fidelidade á festa.

## **OUTRAS MANIFESTACIÓNS AFÍNS**

No concello de Laza, modelo de autenticidade e fidelidade ás máis vellas manifestacións culturais, consérvanse representacións de combates de mouros e cristiáns de grande similitude co da Sainza, nas localidades de Trez e Retorta; esta, felizmente recuperada polos veciños hai un ano, despois de moito tempo sen ter sido celebrada. E na procesión da Santa Cruz, á que xa se fixo alusión, represéntase unha disputa entre mouro e cristián, que son dous dos danzantes.

Taboada Chivite (8) prestou tamén atención a estas manifestacións, plantexando a hipótese de vinculación cos antigos Autos Sacramentais, representacións litúrxicas exemplarizantes.

A representación de Retorta celébrase o 13 de Xuño, na honra de Santo Antón; interveñen 8 mouros - que aquí son turcos- e 8

7. José María Álvarez Blázquez, *Romerías Gallegas*, Buenos Aires, 1951.

8. Xesús Taboada Chivite, “Moros y cristianos en tierras de Laza”, in op. cit.

cristiáns. A de Trez coincide coa festividade de Santiago, o 25 de Xullo; nela, enfróntanse 6 mouros e 6 cristiáns. O xefe mouro é o único que vai a cabalo. Nas dúas celebracións, os soldados cristiáns custódian a imaxe do Santo durante a procesión.

Os textos, en verso e en español, presentan múltiples coincidencias e axústanse ao seguinte esquema: invocación ao Santo por parte do capitán cristián, arenga aos soldados, intervención do asistente cristián e da sentinela moura, temor ao roubo da imaxe, arenga do xefe mouro, desputa verbal entre os capitáns con abundantes insultos como “basilisco” ou “lobo montaraz”, loita e vitoria dos cristiáns, invocación á Virxe, conversión dos mouros-turcos ao Cristianismo.

A romaría da Nosa Señora da Franqueira conmemora cada 8 de Setembro a lenda dos galegos cativos en Alxer que, por intercesión da Virxe, apareceron subitamente no santuario dentro dunhas arcas, xunto cos mouros que os gardaban que, arrependidos, se converteren á relixión cristiá.

A celebración incorpora a danza do mouro e o cristián que escenifican a lenda apoiándose no recitado dun texto romanceado, que o poeta da raza, Ramón Cabanillas, inclúe na súa obra de poesía narrativa *Camiños no tempo* (1949). O romance consta destas partes:

- invocación e agradecemento á Virxe da Fonte por parte do cristián
- intervención do rei mouro Binarém, que intenta convencer ao

cristián para que volte con el a terra de mouros

- o cristián reafirma a súa fidelidade á Virxe e rexeita todas as ofertas do mouro

Tras a desputa dialéctica, loitan e o mouro cai ferido.

Así acaba o romance:

“ MOURO

*Que enlixes a miña caste  
É forza que non consinta,  
E as inxurias ó profeta  
Terás de pagar coa vida,  
Morrendo como falsario  
Ó fío desta gumía*

CRISTIANO

*Binarém, razón e forza  
No meu forte brazo aniñan  
Que é como un raio do ceo  
A folla da espada miña.*

MOURO

*Non quero enxir meu dios  
Que deshonra me faría,  
E a loita dirá quen ten  
Forza, razón e xusticia.*

CRISTIANO

*Da tua impiedade sexa  
A morte pena debida,  
Xa que negas esta luz  
Que diante de ti rebrila.*

MOURO

*¡Morto son! ¡Prego me vala  
a tua Santa María!*

CRISTIANO

*Mil anos, un detrás doutro,  
Volverá ó teu corpo a vida  
E no día da Franqueira,  
Por ordenación diviña,  
Rachando o teu corazón  
Para enchelo de fe viva  
Mil veces entrará a Morte  
Abrindo a mesma ferida.*

*¡Ó cabo dos anos mil  
contados día por día,  
fará en ti novo miragro  
a Virxe Santa María  
e verás atua alma  
de culpa e pecado limpa!”<sup>(9)</sup>*

## OS PROTAGONISTAS

Milleiros de veciños, de maneira desinteresada –participantes no combate ou na organización, xenerosos coas súas aportacións en produtos ou en diñeiro– fixeron posíbel a continuidade da romaría, sempre coa mesma celebración, durante máis de 150 anos.

O máis significado exponente dese altruísmo foi o tío Vicente de Santabaia – Vicente Feijoo Limia (1876-1968)– campesiño e carteiro, que asumiu o papel de capitán dos cristiáns – “lanceiros” dicíase antes– ao cumprir os 18 anos e seguiríao facendo durante case toda a súa dilatada vida. Cando contaba xa máis de 80 anos, aínda houbo participar nunha simulación do Ataque que se celebrou no xardín do Posio (Ourense).

Ameno conversador, posuía un talento natural para a interpretación; elegante, de excelente planta, con maneiras de dandy. En palabras da súa filla, Mercedes Feijoo Fernández (82 anos), veciña da Sainza, seu pai puña tal entusiasmo e seriedade na actuación que vivía o papel. E isto, coa mesma intensidade e afección durante máis de 60 anos, con moi contadas ausencias (o Ataque no se celebrou nos anos da guerra civil –1936-38–; tras esta, o tío Vicente deixou de participar nalgunhas representacións, profun-

9. Ramón Cabanillas, “Romance do cristiano e do mouro na Franqueira”, *Camiños no tempo* (1949), in *Ramón Cabanillas, obra completa*, vol. 2, Madrid, Akal, 1979, pp.81-82.

damente apesado pola morte dun fillo en Brunete; recuperada a alegría de vivir, reintegrouse novamente á celebración).

Hai unha imaxe que perdura: todos os anos rompían os amieiros das proximidades do campo polo peso dos moitos rapaces que se subían para contemplar o espectáculo.

A gratitude unánime á persoa do tío Vicente, modelo de saber-estar e de ecuanimidade, perdura tamén na memoria de cantos con el conviviron.

Outra personaxe singular, con destacada participación na celebración, é José Araújo Dorado (98 anos), máis coñecido como o tío Blanqueiro, auténtico manual de vida, que reside na actualidade nos Eidos de Abaixo (A Sainza). O tío Blanqueiro foi durante 14 ou 15 anos capitán dos mouros; seu pai xa representara o mesmo papel durante bastantes anos. Fora sonado o seu antagonismo co tío Vicente na ficción; por veces, a rivalidade ultrapasaba a propia representación, acentuándose nos días previos a esta (hai mesmo quen manifesta que non se falaban en todo o ano).

Recébenos con xentileza e, en plenitude de consciencia, relátanos os acontecementos transcendentais da súa portentosa vida. A primeira vez que participou no ataque foi no ano anterior a ser chamado a cumprir o servizo militar. Este lévao a terras africanas, onde ten que permanecer tres anos, sen obter un só permiso, metido no corazón da guerra de Marrocos; a memoria retorna a Alhúemas, Larache, Ceuta, Tetuán,... Aquela terra era pisa-

da entón por persoas que habían ter un papel decisivo na historia de España: o capitán Franco; Millán Astray (“un asparabanado do demo!”), dinos). E manifesta: “-aquele parecía un avesporeiro!”; ou tamén: “-dician que os mouros non estaban civilizados; estaban, estaban!”. Lembra ben que os lexionarios -cobraban 2 pesetas ao día- comían moito mellor que o resto da tropa -2 reais ao día-, que pasaba fame e e todo tipo de calamidades; tamén que estiveran sitiados durante moito tempo, así como os centos de mortos que eran “enterrados á gábia”.

Saíu daquel inferno sen unha ferida; só nunha ocasión, unha bala veu bater nunha cartucheira chea, que a rexeitou.

No 1931, casado e agardando xa un fillo, emigra á Arxentina, onde vai permanecer 14 anos ininterrompidamente. Alí traballou nas “quintas” (cultivos da horta), en xornadas de sol a sol, chovese ou non. Dormían nos alpendres, entre os cabalos. Gañaba dous pesos ao día, e mantido; “se se procuraba outro tipo de traballo, non chegaba nin para comer”, confesa. Cando retornou, o fillo cumprira xa os 13 anos.

Declárase autor de reformas de boa parte dos textos do Ataque conservados; dotado de prodixiosa memoria, lembraba moitas pasaxes das arengas militares da campaña de África.

Ainda recorda como se cebaban os cabalos durante todo o verán e se dispuñan os arreos -alguns cabezais chegaron a vir da Arxentina- para que estivesen lustrosos e impecábeis.

Crítico coa celebración nos últi-

mos anos, reclama máis seriedade na execución, en consonancia coa dureza da vida e cos acontecementos escenificados.


Seu fillo Manuel, que actuou tamén como caudillo mouro algúns anos, asente e coincide co pai nas súas manifestacións. O seu desexo é tamén o noso: por moitos anos!

Se ben a súa participación na festa era doutro signo, a memoria colectiva ten un lugar asignado ao tío Arturo de Rairiz, sobrevivente da guerra civil por intercesión da Virxe da Mercé, que se converteu en grande animador da procesión e levou sempre o carro da Virxe mentres viviu.

A crónica oral recolle tamén referencias a outras personaxes que se facían notar na festa en tempos pretéritos: un home cego, que viña cun can-guia e que paraba no forno; un home mudo que traía moitos cans e se dedicaba a facer escaravellos que logo vendía; viña coa nai -meiga- que botaba as cartas para adiviñar o futuro; o Grande de Güín que pasaba, subido nunhas zancas, á altura dos tellados; o Cláudio -o popular *Cuco de Velle*- orixinario da zona, que tocaba o acordeón toda a noite na casa da escola e amenizaba o baile até as 3 ou 4 da mañá.

Focas e osos adestrados, vacas de 6 patas, becerros con 2 cabezas,... configuraban un peculiar zoo que atraía a atención dos asistentes e convertérase nunha maneira de gañar a vida para moitas familias.

A mesma fonte intenta explicar a moda de beber viño en xerros de barro. Segundo costume antigo, o cura e os mordomos da festa con-



Retrato e autógrafa do tío Blaqueiro. 16 de xullo de 1933.

vidaban con pan e viño aos romeiros que viñan de lonxe; botábanlles o viño en xeros de barro que penduraban ao pescozo cunha baraza para que non caísen mentres bailaban.

Non menos mérito teñen os protagonistas de hoxe, empeñados en devolverlle á representación o esplendor e o rigor de outrora. Benito Pérez Fernández ( Ordes, 1948) foi por primeira vez capitán dos cristiáns no ano 1968 (o capitán dos mouros fora ese ano Manuel Araujo, fillo do tío Blaqueiro). Desde entón, leva 30 anos participando na representación, facéndoo de modo continuado desde 1982. Na actualidade reside en Allariz, onde se dedica á cunicultura. Lembra que foron solicitar a súa participación porque non aparecía ninguén para actuar. Aprendeu os textos en español e en galego.

No seu balanço valorativo, manifesta que en tantos anos houbo de todo; os primeiros anos había que ocuparse practicamente de todo: procurar cabalo, arranxar

vestiário, ...Para el, a representación máis satisfactoria resultou a do 1976, que contou coa participación de moita xente adulta, que actuou con rigor e seriedade.

Estreou o traxe de estilo Napoleón, que fixo un xastre de Ourense, especialista na confección militar.

Disposto a seguir, séntese ben pago coa gratitude da xente. Considera que o máis difícil é inculcarlles o entusiasmo aos participantes na actuación.

Luís Alberto Alonso Piñeiro (Ordes, 1975) é o último e vixente capitán mouro. Leva catro anos co papel e di que o fai por afección; antes xa participara 3 anos como soldado. Considera a Sainza como a festa da súa vida, desde a mesma infancia.

Reside en Ordes e traballa como operario da construción. A súa aspiración profesional é obter o carné de conducir de primeira para guiar un camión ou un autobús.

Estima que o máis duro é falar en público, de maneira que o discurso resulte verosímil. Reitera a necesidade de que haxa un maior interese por parte dos participantes na escenificación, á vez que reclama máis recoñecemento social e máis comprensión do público.

Confesa ter experimentado a sensación de ser tratado como un verdadeiro mouro por parte dalgunhas persoas, instaladas aínda en tempos remotos, que chegaron a dirixirlle insultos (motivados por crenzas relixiosas, pensa el). Manifesta ter unha mellor sintonía cos novos.

---

O noso agradecemento e estima á señora Mercedes, filla do tío Vicente, e aos seus familiares; ao tío Blaqueiro e ao seu fillo Manuel; a Floréncio Gándara, párroco de Rairiz; a Benito Pérez e a Luís Alberto Alonso; a Fidel Cubero de Rairiz; a Miguel Cubero de Rairiz; a Manuela Pérez, administrativa do concello de Rairiz; polas informacións e documentos gráficos que nos facilitaron xentil e xenerosamente; os mesmo sentimentos queremos facer chegar a eles e a cantos participaron, dunha ou doutra forma, na representación e contribuíron a traer este tesouro lúdico-cultural até o ano 2000. O noso recoñecemento debe traducirse no firme empeño de posibilitar que chegue ao 3000.